

Ref.: LR/gac
Expediente: 803/18

INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O “PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ADOPTAN MEDIDAS SOBRE A SUBMINISTRACIÓN DIRECTA DE CAZA MAIOR SILVESTRE ABATIDA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA”

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación co *“Proxecto de decreto polo que se adoptan medidas sobre a subministración directa de caza maior silvestre abatida na Comunidade Autónoma de Galicia”*, emite o seguinte informe:

INFORME

1. Marco normativo e competencial

Este decreto ten por obxecto:

- a) Establecer os requisitos para a subministración directa por parte da persoa cazadora á persoa consumidora final e establecementos de restauración de pequenas cantidades de carne fresca refrixerada de caza maior silvestre.
- b) Establecer os requisitos para as pezas de caza maior silvestre abatidas en Galicia, destinadas ás salas de tratamento de caza para a comercialización das súas carnes.
- c) Establecer os requisitos que teñen que cumprir os locais intermedios de faenado das devanditas pezas de caza silvestre destinadas á subministración directa.
- d) Establecer os requisitos hixiénicos e sanitarios do acondicionamento e o transporte das pezas de caza maior silvestres destinadas a consumo humano para a subministración directa ou o envío á sala de tratamento de caza.

Con relación á materia regulada, cómpre ter en conta o seguinte marco normativo:

No ámbito comunitario destaca o Regulamento (UE) 2015/1375 da Comisión, do 10 de agosto, polo que se establecen normas específicas para os controis oficiais da presenza de triquinas na carne e o Regulamento (CE) nº 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo cal se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, que fixa normas específicas de



hixiene da carne de caza silvestre para a súa comercialización. Este mesmo Regulamento desenvolve as condicións dos establecementos de manipulación de carne de caza como equipamentos industriais adecuados para recibir os animais obtidos da actividade cinexética, acondicionar as súas carnes para comercialización e sometelas a controis veterinarios que permitan garantir a inocuidade e a aptitude para o consumo.

Non obstante, a práctica da cesión por parte do cazador a consumidores locais de pequenas cantidades de carne de caza, constitúe unha actividade que se configura administrativamente como unha excepción ao réxime xeral de comercialización da caza, tal e como se regula no apartado 3 c), artigo 1 do Regulamento (CE) n.º 853/2004, do 29 de abril de 2004.

Esta excepcionalidade tamén aparece recollida no apartado 2 b), artigo 4 do Real decreto 640/2006, do 26 de maio, polo que se regulan determinadas condicións de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene, produción e comercialización dos produtos alimenticios.

Da normativa autonómica cómpre destacar a Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia e o Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Caza de Galicia.

Por último con relación ao marco competencial, sinalar que o artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de agricultura e gandería, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, nos termos do disposto nos artigos 11, 13, 38, 131 e 149.1 da Constitución. Así mesmo, o artigo 33.1 do devandito estatuto atribúe á Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior.

De conformidade co artigo 7.1 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, corresponde á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Secretaría Xeral Técnica, a revisión técnica e tramitación dos anteproxectos e proxectos de disposicións administrativas de carácter xeral (esta norma competencial coincide co xa disposto na anterior estrutura da Consellería, establecida no Decreto 41/2013, do 21 de febreiro).

2. Acerto e oportunidade

O censo das poboacións das especies cinexéticas, sobre todo de caza maior silvestre, aumentou considerablemente no territorio galego, o cal permite fomentar e promover a



comercialización da carne de caza e outros produtos derivados da caza. Ao mesmo tempo, o maior aproveitamento destes recursos naturais pode exercer unha presión de control de determinadas poboacións, diminuír os danos e conflitos que xeran cara á agricultura, a gandería, a seguridade viaria e os bens das persoas, e reverter no territorio contribuíndo a mellorar os recursos económicos do mundo rural.

A densidade de determinadas poboacións de especies cinexéticas como o xabaril, incrementou a actividade cinexética, tamén aumentou a probabilidade de contacto cos animais domésticos, especialmente con aqueles que se crían en condicións extensivas. A difusión de determinadas enfermidades nos animais silvestres obxecto de caza fai necesario intensificar as medidas de inspección e control das pezas de caza silvestre para garantir a seguridade dos consumidores e coñecer o estado sanitario da fauna salvaxe, polas súas implicacións na saúde dos animais domésticos e na actividade gandeira.

É necesario, pois, prever o control sanitario adecuado para garantir a inocuidade dos produtos alimentarios que proveñan das pezas de caza silvestre.

3. Tramitación

Polo que respecta á tramitación na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e as prescricións contidas na seguinte normativa:

- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas.
- A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia (artigos 40 e ss.).
- A Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (artigo 12).
- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- O Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro (artigo 8).

De conformidade co 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, esta iniciativa regulamentaria foi sometida a consulta pública previa entre os días 21/12/2018 e 14/01/2019, sendo emitido certificado sobre o resultado do dito trámite o día 17/01/2019, pola directora da Área de Modernización das Administracións Públicas.

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 14/02/2019 autorizou o inicio da tramitación do Anteproxecto de decreto no que se adoptan medidas sobre a



subministración directa da caza maior silvestre abatida na Comunidade Autónoma de Galicia, a iniciativa das consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Medio Rural e Sanidade; facultando a esta consellería para encargarse da súa tramitación.

Así, consta no expediente o acordo de inicio do procedemento de elaboración do decreto do 18/02/2019, asinado polas persoas titulares das consellerías de Sanidade, Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e Medio Rural (artigo 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

O centro directivo impulsor remitiu á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo o borrador da disposición acompañado dos documentos que de seguido se relacionan (artigo 41.3 apartados a), b) d) da Lei 16/2010, do 17 de decembro):

- Memoria xustificativa sobre a súa legalidade, o seu acerto e a súa oportunidade do 28/02/2019.
- Memoria económico-financeira do 28/02/2019.
- Táboa de vixencias do 28/02/2019.

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo, elaborou o preceptivo informe o día 04/03/2019 e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto polas persoas titulares das anteditas consellerías o 06/03/2019 (artigos 41.3 c) e 41.4 da Lei 16/2010 do 17 de decembro).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, o día 07/03/2019 o secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade acordou a súa publicación no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia e o texto do proxecto foi sometido a audiencia dos grupos e sectores interesados (artigo 9 c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e artigos 41.5 e 42.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez transcorrido o prazo para presentar suxestións a través do Portal de transparencia e goberno aberto, o día 11/04/2019, a directora da Área de Modernización das Administracións Públicas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica (Amtega) emitiu certificado informando sobre a non presentación de ningunha suxestión a través deste medio.

Non obstante no trámite de audiencia presentaron suxestións as seguintes entidades:

- Libera, Asociación animalista
- APROCA, Noroeste
- UNITEGA, Unión de asociacións de titulares de tecores de Galicia
- Asiccaza, Asociación Interprofesional de la Carne de Caza
- Federación Galega de Caza



- Dona Ana María Díaz Rodríguez

Logo de ver e analizar as ditas suxestións, as persoas titulares das direccións xerais con competencias na materia das consellerías de Sanidade, Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e Medio Rural emitiron informe conxunto dándolles resposta.

Na tramitación do proxecto e ao abeiro do esixido polo artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, así como na pertinente normativa sectorial de aplicación, solicitáronse e emitíronse os seguintes informes:

- Informe da Secretaría Xeral da Igualdade, do 29/11/2019
- Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, do 04/02/2020
- Oficio da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa do 02/12/2019, no que se indica que non procede a emisión de informe preceptivo por esa dirección xeral.
- Informe da Asesoría Xurídica Xeral, do 10/07/2020.

O informe da Asesoría Xurídica non aprecia trabas sobre a viabilidade xurídica do proxecto, formulando observacións ao contido material do texto, as cales foron maioritariamente incorporadas ao texto definitivo do proxecto de decreto. Así mesmo, o texto foi revisado coa finalidade de adaptalo á Resolución do 5 de novembro de 2014, da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta do 30 de outubro de 2014, polo que se aproban as Directrices de técnica normativa.

4. Integridade do texto

O texto do proxecto de decreto conta coa seguinte estrutura e contido:

Preámbulo

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Artigo 3. Definicións

Artigo 4. Normas de acondicionamento das pezas de caza maior silvestre destinadas a subministración directa ou a sala de tratamento de caza

Artigo 5. Transporte das pezas de caza maior silvestre desde o lugar de caza ou desde o punto de reunión das pezas de caza maior silvestre



Artigo 6. Normas para o rexistro e autorización do local intermedio

Artigo 7. Condicións para a inspección veterinaria no local intermedio

Artigo 8. Destino das pezas de caza maior silvestre de subministración directa

Artigo 9. Responsabilidades

Artigo 10. Control oficial

Artigo 11. Réxime sancionador

Disposición derradeira primeira. Habilitación para o desenvolvemento normativo

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Ademais o proxecto de decreto conta con sete anexos.

5. Legalidade

Nas memorias e informes incorporados ao expediente queda perfectamente xustificada a adecuación da presente iniciativa aos principios recollidos no artigo 37a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A tramitación da iniciativa axustouse rigorosamente á normativa de aplicación e en concreto aos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Previo ditame do Consello Consultivo de Galicia o proxecto someterase á aprobación definitiva das persoas titulares das consellerías de Sanidade, Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e Medio Rural e finalmente remitirase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, segundo o artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

De acordo co indicado considérase que este proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte PROPOSTA:

Informar favorablemente este proxecto de decreto conforme a súa legalidade.



A subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo

Laura Recacho Rivas

As persoas titulares das Secretarías Xerais Técnicas das consellerías de Sanidade, Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e Medio Rural, logo de ver a proposta da subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Consellería de Sanidade, consideran que o proxecto de decreto sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que informan favorablemente (artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

O secretario xeral técnico da Consellería
de Sanidade

A secretaria xeral técnica da Consellería
de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Alberto Fuentes Losada

María del Carmen Bouso Montero

A secretaria xeral técnica da Consellería
de Medio Rural

María Jesús Lorenzana Somoza

